

XUNTA DE GOBERNO  
Sesión do día 31 de outubro de 2024  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 31 de outubro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34324.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2024.

2.34325.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVIEMBRE”. (Expte.2024065064)

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora da mobilidade, a humanización e a calidade medioambiental e, dentro das súas funcións de colaboración interadministrativas, apoian o desenvolvemento de políticas que busquen tales obxectivos, que orientaron tamén a redacción do proxecto de acondicionamento da parcela na rúa Doce de Novembro coa finalidade da creación dun parque urbano.



- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo as obras de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro e así, en data 09/09/2024 mediante rexistro WEB2024057136, e en data 03/10/2024 mediante núms de rexistro WEB2024061914 e WEB2024061916, o Concello de Pontevedra presenta pola sede electrónica unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do devandito convenio. Asemade, segundo o proxecto do referido investimento a estimación económica para a súa execución é de SETECENTOS DEZ MIL NOVECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (710.972,02€), IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado integramente pola Deputación con cargo ao exercicio 2024.
- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 03/10/2024 (CSV:WMPZYBUA43UF29JJ); o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 04/10/2024 (CSV:K8EJI0A42J6QCIYA) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 15/10/2024 (CSV:DVIPZQ6R91ZFVERV) manifestando a existencia de crédito suficiente para facer fronte ao gasto na aplicación 2024/942.9420.762.14 do orzamento provincial. Non obstante, no caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais alo do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.
- En data 18/10/2024 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo as as obras de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Legislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).

### Consideracións Xurídicas:

#### Competencia:

- Artigo 25.2 da LRBRL que atribúe ás administracións municipais a competencia tanto en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade como en protección do medio ambiente urbano, en particular no relativo á parques e xardíns públicos.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Procedencia do convenio

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.



- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2024, dotación orzamentaria na aplicación 2024/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

## CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo as obras de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa doce de novembro.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.



Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO*”.

### RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compéttelle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o “*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO*”.

O texto do convenio figura co CSV: KSYA23YF3H00KRHD

A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Pontevedra.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais alo do prazo de execución establecido, iniciarase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

- Facultar ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar Traslado do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.



3.34326.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024). (Expte 2024072346)

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 29/02/2024 e nese prazo, un total de 239 asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra presentaron as correspondentes solicitudes.

Terceiro.- Posteriormente procedeuse a requirir ás asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra a emenda dos erros, defectos ou omisións emendables detectados nas súas solicitudes, segundo o previsto nas bases 7ª e 10ª, con expresa advertencia de que no caso de non emendar as faltas ou omisións teríanse por desistidos das súas peticións, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Cuarto.- Incorpóranse aos expedientes de solicitude os informes dos servizos técnicos provinciais sobre os proxectos presentados e que cumpren os criterios que se deben ter en conta segundo as bases.

Quinto.- Á vista da documentación achegada polas entidades solicitantes, propónse excluír as solicitudes relacionadas do Anexo II, ao non axustarse ás bases reguladoras da convocatoria do Plan Provincia Comunitaria 2024.

Sexto.- O financiamento deste programa ascende a un total de 1.600.000,00 €, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2024, imputable contra a aplicación orzamentaria 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.

Sétimo.- Para proceder á concesión das subvencións, de acordo co previsto na base reguladora sétima é preciso o informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do presente informe-proposta. Posteriormente, elevarase a proposta de resolución definitiva ao órgano competente para a súa aprobación.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)



- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024).

### Consideracións xurídicas

#### Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidos nelas.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2024, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que a xefa do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta e dado que o importe solicitado é inferior á dotación orzamentaria prevista para o financiamento deste programa, procédese ao reparto do crédito entre todas as solicitudes que cumpren os requisitos ata o tope máximo do orzamento da actuación subvencionable que sinalen na súa solicitude.

#### Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2024 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación
- Base reguladora 10ª da convocatoria que, segundo o disposto nos artigos 68.1 da LPAC, 23.5 da LXS, e 20.6 da LSG, prescribe que no caso de presentar incompleta a documentación á que se refire a dita base, se requirirá ao interesado para que nun prazo máximo de 10 días hábiles, emende as faltas ou omisións, con indicación de que non facelo, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade

## CONCLUSIÓNS

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, no exercicio das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do vixente orzamento, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 22/10/2024, o informe da intervención provincial de data 25/10/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión de subvencións ao abeiro do “*Programa de Acción Comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024)*” segundo o procedemento de concorrencia competitiva, ás 170 asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra beneficiarias que figuran no Anexo I con CSV (AU58DG30CZ7OOZ9Q), para a realización das actuacións que se relacionan no mesmo, por un importe total de 1.563.946,45 €, e de acordo co previsto nas Bases reguladoras. As asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra beneficiarias deberán posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das actuacións ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras. Así mesmo, as presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:
  - a) As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
  - b) As entidades beneficiarias que figuran no Anexo I con algún condicionante para a concesión da subvención deberán acreditar, a máis tardar, no momento da xustificación da subvención o cumprimento do referido condicionante. De non facelo así, dará lugar, no seu caso, ó inicio do expediente de perda do dereito ao cobro.





- c) As entidades beneficiarias deberán ter executados os investimentos na súa totalidade e xustificadas no prazo máximo recollido nas bases reguladoras. O incumprimento das obrigas de execución e xustificación dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.
- d) A execución e xustificación destes investimentos correspóndelle ás asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra beneficiarias, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras e a lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- e) Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas Bases, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.

No Anexo II con CSV(AWU09LZYYV4X7LX3) relaciónanse as solicitudes desfavorables, motivando as razóns da súa exclusión.

- 2. Autorizar e Comprometer o gasto por importe de 1.563.946,45 € imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.
- 3. Desestimar as solicitudes relacionadas no “Anexo II – Relación de solicitudes desfavorables” CSV(AWU09LZYYV4X7LX3), de conformidade coas bases reguladoras de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023.
- 4. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.34327.- APROBACIÓN DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIONES NO ÁMBITO SOCIAL EN 2024 (CSX B/24) (Expte.2023072106)

1º.-A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o pasado 9 de febreiro de 2024, aprobou mediante acordo nº 3.33436 a convocatoria e as bases das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social 2024 (Expediente nº 2023072106), publicadas no BOPPO nº 33 do 15 de febreiro de 2024.



2º.- Segundo o establecido nas bases reguladoras, a xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, no que a finalidade serán as actividades e os proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio de 2024 dirixidos a colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopen en situación de desvantaxe e vulnerabilidade social.

3º.- As subvencións están dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos (tanto na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes coma manterse durante todo o período de vixencia da convocatoria):

- Ter a sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra.
- Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro.
- Carecer de fins de lucro e ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.
- Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- Non incorrer nalguna das prohibición previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

4º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 14 de marzo de 2024, rexistráronse un total de 140 solicitudes.

5º.- A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizou de oficio cantas actuacións estimou necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes conforme os criterios, as formas e as prioridades de valoración establecidos na convocatoria.

6º.- O órgano instrutor emite informe proposta en data 7 de outubro de 2024 (CSV K8MK19FZRH7Y3XEK) no que se recolle a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detalla o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía (CSV HD2IMOW5ZF8VPMTN), e no caso das excluídas, o motivo.

7º.- Con data 08 de outubro de 2024, Intervención emite informe favorable (CSV: WO9K0PGIE0XLTU01) sobre a tramitación do expediente deixando constancia da existencia de crédito dispoñible para facer fronte a este gasto por importe de 470.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2313.480.02 do vixente orzamento provincial, onde existe crédito autorizado (A nº 202400032420), e indicando que o órgano competente para a concesión das subvencións e disposición do gasto será a Xunta de Goberno, segundo a base 16.2 das aprobadas para a execución do vixente Orzamento Provincial.



8º.- Avaliado o informe proposta, fiscalizado pola Intervención, a Comisión de Valoración con data 08 de outubro de 2024 emite acta (CSV: XTUXYD2UUOENFRBN), na que propón a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas, segundo o seguinte detalle:

“(…)

- 1 entidade desiste da súa solicitude: a través de instancia xenérica,

Nº	Nº EXTE	NIF	NOME ENTIDADE
1	2024017585	R1500053B	CÁRTAS DIOCESANA DE SANTIAGO

- 19 solicitudes resultaron inadmitidas a trámite por non cumprir requisitos segundo o seguinte detalle:

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE
1	2024017322	F72575616	ARNELA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
2	2024017993	G44887669	ASOCIACIÓN MASGA (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
3	2024018847	G09757576	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA ANDAINA (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
4	2024019032	G94126422	FUNDACIÓN ELISA ABALO (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
5	2024018055	G06776314	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE MONTEPORREIRO (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
6	2024015273	G02837292	ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL RECYCLING (base quinta: finalidades coincidentes co obxecto da subvención segundo os seus estatutos)
7	2024016157	G70058961	FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LAGAR DURACIÓN CRÓNICAS O TERMINALES (base quinta: ter sede social ou delegación na provincia de Pontevedra)
8	2024017617	G27713379	FUNDACIÓN FAIBEN (base quinta: estar ao corrente das obrigas coa Facenda autonómica, na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período vixente da convocatoria)
9	2024021644	G36591832	ASOCIACIÓN SOLIDARIDAD SAN ROQUE (base oitava: solicitude fóra de prazo)



10	2024017307	G36024941	ASOCIACIÓN DE PADRES DEL CENTRO OS MECOS DE VILLANUEVA DE AROSA (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
11	2024017328	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
12	2024017588	G15771777	ASOCIACIÓN DE PADRES, MADRES, PROFESIONALES Y AMISTADES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL SPECIAL OLYMPICS GALICIA (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
13	2024019362	G94129863	ASOCIACIÓN RAPACES/ZAS E AMIGOS/AS CON NECESIDADES ESPECLAIS (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
14	2024018843	G70518972	MULLERES SALGADAS - ASOCIACIÓN GALEGA DO MAR (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
15	2024018050	G36427524	FUNDACIÓN IGUAL ARTE (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
16	2024018071	G15752660	FUNDACION RONSEL (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
17	2024017582	G36849883	ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
18	2024019035	G15675960	ASOCIACIÓN DE CELÍACOS DE GALICIA (ACEGA) (base décimo segunda: os proxectos que non estean cubertos segundo o anexo 1 non se valorarán nin se lles asignará ningunha puntuación)
19	2024018310	G36843027	ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE CROHN Y COLITIS ULCEROSA DE VIGO (base décimo segunda: os proxectos que non estean cubertos segundo o anexo 1 non se valorarán nin se lles asignará ningunha puntuación)



- 7 solicitudes quedan excluídas por duplicidade:

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE
1	2024013554	G27727593	ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)
2	2024016456	G27813906	ASOCIACIÓN TRASTORNO ESPECTRO AUTISTA VIGO TEAVI
3	2024016826	G36021970	ACEESCA ASOCIACIÓN APOYO PERSONAS CON DIVERSIDADE INTELECTUAL
4	2024017999	G15747678	ASOCIACIÓN AMICOS
5	2024018020	G36843027	ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE CROHN Y COLITIS ULCEROSA DE VIGO
6	2024018808	G15675960	ASOCIACIÓN DE CELÍACOS DE GALICIA (ACEGA)
7	2024018889	G94129863	ASOCIACIÓN RAPACES/ZAS E AMIGOS/AS CON NECESIDADES ESPECLAIS

- 113 solicitudes son obxecto de valoración segundo os criterios establecidos na “Base Décimo Segunda: valoración e criterios de concesión”

- Consta no expediente que as entidades que se detallan a continuación solicitaron a subcontratación con carácter previo de persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, por concorrer as circunstancias establecidas na letra d, apartado 7 do artigo 29 da Lei de Subvencións de Galicia.

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN POR VINCULACIÓN			
Nº	Nº EXPTE.	NIF	ENTIDADE
1	2024013948	2024013948	ASOCIACIÓN DE ALCOHÓLICOS REHABILITADOS DE PONTEVEDRA
2	2024017324	2024017324	ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO
3	2024018015	2024018015	FUNDACIÓN EOMALA
4	2024017327	2024017327	ASOCIACIÓN PARKINSON DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

(...)”.



9º.- Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulou proposta de resolución provisional (CSV: 4RMI5GNXZFWYZWLP e XNYX4MMWBTF6VN7) das entidades beneficiarias, das excluídas e da aceptación das renuncias da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social en 2024.

10º.- Con data 10 de outubro de 2024, BOPPO N°198, foi publicado o anuncio da proposta de resolución provisional da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social para o exercicio 2024, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

11º.- Rematado o prazo outorgado de dez (10) días para formular alegacións á resolución provisional, o resultado é o seguinte:

11.1. 2 entidades excluídas presentan alegacións:

- FUNDACIÓN FAIBEN (Expte. 2024017617)
- ASOCIACIÓN DE PADRES, MADRES, PROFESIONALES Y AMISTADES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL SPECIAL OLYMPICS GALICIA (Expte. 2024017588)

11.2. 2 entidades beneficiarias presentan modificación do orzamento,

- ASOCIACIÓN DIVERSIDADES (Expte. 2024018047)
- ASOCIACIÓN PÁRKINSON VIGO (Expte. 2024012837)

12º.- Efectuados os axustes derivados das alegacións, fórmase a proposta de resolución definitiva, que contén a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especifica a avaliación dos proxectos e os criterios de valoración empregados, para os 114 expedientes propostos, que figuran como anexo a este informe (RELAC/2024000061), e que supoñen o reparto de 470.000,00 euros con cargo á aplicación 24/231.2313.480.02.

13º.- Con data 28 de outubro de 2024 intervención emite informe favorable do expediente (CSV 0QASPMXC7N2VB1C0).

De acordo có exposto, considerando que o órgano competente para a aprobar a concesión de subvencións é a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido na base 13.4 da convocatoria, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- A aprobación da concesión das subvencións dirixidas a 114 entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social, que se detallan no documento anexo RELAC/2024000061 (CSV: E3PH7Q2ZMHFBZL16), por un importe total de 470.000,00 € con cargo á aplicación 24/231.2313.480.02 do vixente orzamento provincial, para o que existe crédito autorizado (A n° 202400032420).



2º.- Admitir a renuncia presentada:

Nº	Nº EXTE	NIF	NOME ENTIDADE
1	2024017585	R1500053B	CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO

3º.- Desestimar as 25 solicitudes que se detallan a continuación con indicación da súa causa:

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE
1	2024017322	F72575616	ARNELA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
2	2024017993	G44887669	ASOCIACIÓN MASGA (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
3	2024018847	G09757576	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA ANDAINA (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
4	2024019032	G94126422	FUNDACIÓN ELISA ABALO (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
5	2024018055	G06776314	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE MONTEPORREIRO (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
6	2024015273	G02837292	ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL RECYCLING (base quinta: finalidades coincidentes co obxecto da subvención segundo os seus estatutos)
7	2024016157	G70058961	FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LAGAR DURACIÓN CRÓNICAS O TERMINALES (base quinta: ter sede social ou delegación na provincia de Pontevedra)
8	2024021644	G36591832	ASOCIACIÓN SOLIDARIDAD SAN ROQUE (base oitava: solicitude fóra de prazo)
9	2024017307	G36024941	ASOCIACIÓN DE PADRES DEL CENTRO OS MECOS DE VILLANUEVA DE AROSA (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)



10	2024017328	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
11	2024017588	G15771777	ASOCIACIÓN DE PADRES, MADRES, PROFESIONALES Y AMISTADES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL SPECIAL OLYMPICS GALICIA (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
12	2024019362	G94129863	ASOCIACIÓN RAPACES/ZAS E AMIGOS/AS CON NECESIDADES ESPECIAIS (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
13	2024018843	G70518972	MULLERES SALGADAS - ASOCIACIÓN GALEGA DO MAR (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
14	2024018050	G36427524	FUNDACIÓN IGUAL ARTE (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
15	2024018071	G15752660	FUNDACION RONSEL (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
16	2024017582	G36849883	ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
17	2024019035	G15675960	ASOCIACIÓN DE CELÍACOS DE GALICIA (ACEGA) (base décimo segunda: os proxectos que non estean cubertos segundo o anexo 1 non se valorarán nin se lles asignará ningunha puntuación)
18	2024018310	G36843027	ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE CROHN Y COLITIS ULCEROSA DE VIGO (base décimo segunda: os proxectos que non estean cubertos segundo o anexo 1 non se valorarán nin se lles asignará ningunha puntuación)
19	2024013554	G27727593	ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL) (excluída por duplicidade)
20	2024016456	G27813906	ASOCIACIÓN TRASTORNO ESPECTRO AUTISTA VIGO TEAVI (excluída por duplicidade)
21	2024016826	G36021970	ACEESCA ASOCIACIÓN APOYO PERSONAS CON DIVERSIDADE INTELECTUAL (excluída por duplicidade)





22	2024017999	G15747678	ASOCIACIÓN AMICOS (excluída por duplicidade)
23	2024018020	G36843027	ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE CROHN Y COLITIS ULCEROSA DE VIGO (excluída por duplicidade)
24	2024018808	G15675960	ASOCIACIÓN DE CELÍACOS DE GALICIA (ACEGA) (excluída por duplicidade)
25	2024018889	G94129863	ASOCIACIÓN RAPACES/ZAS E AMIGOS/AS CON NECESIDADES ESPECIAIS (excluída por duplicidade)

4º.- Autorizar a vinculación de persoal ou servizos externos contratados, segundo o establecido na Base Décimo Sexta, para a subcontratación parcial da actividade subvencionada as seguinte entidades:

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN POR VINCULACIÓN			
Nº	Nº EXPTE.	NIF	ENTIDADE
1	2024013948	2024013948	ASOCIACIÓN DE ALCOHÓLICOS REHABILITADOS DE PONTEVEDRA
2	2024017324	2024017324	ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO
3	2024018015	2024018015	FUNDACIÓN EOMAIA
4	2024017327	2024017327	ASOCIACIÓN PARKINSON DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

5º.- Admitir a alegación presentada pola entidade FUNDACIÓN FAIBEN, pola ponderación do principio de proporcionalidade.

6º.- Non admitir as alegacións presentadas polas entidades ASOCIACIÓN DIVERSIDADES e ASOCIACIÓN PÁRKINSON VIGO ao alterar a puntuación obtida segundo os criterios de valoración establecidos na base décimo segunda nin a alegación da ASOCIACIÓN DE PADRES, MADRES, PROFESIONALES Y AMISTADES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL SPECIAL OLYMPICS GALICIA ao non alcanzar a puntuación mínima establecida na base décimo segunda.



5.34328.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO “FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO” DO CONCELLO DE CUNTIS. (Expte.2024019322)

O Concello de Cuntis solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero*”, ao abeiro das Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2024 (BOPPO nº 36 de 20 de febreiro de 2024).

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 9 de agosto de 2024, acordou concederlle á dito concello, unha axuda económica por importe de 3.629,44 € ,para o desenvolvemento de dito proxecto.

Este concello, con data de 11 de outubro de 2024 presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2024063397. Neste escrito solicitan a modificación do proxecto e orzamento presentado inicialmente, substituíndo a actividade de “Danzaterapia” pola de “Actividade física creativa” e o obradoiro “Mergullémonos” de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.

Entre os obxectivos xerais do proxecto “*Fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero*” están implicar ás familias para desenvolver fogares corresponsables, aproximar ás familias coñecementos en materia de corresponsabilidade e materia de igualdade, dotar ás familias das ferramentas precisas e concienciar sobre a importancia de educar as nosas fillas e fillos en corresponsabilidade. Estes obxectivos non se alteran coa solicitude modificación proposta.

Entre as actividades programadas inicialmente dentro do proxecto atópanse a realización de tres actividades para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero, o primeiro “Xincanas corresponsables” dirixido ao alumnado de educación primaria e secundaria e un segundo, “Campana de sensibilización co comercio local” dirixido inicialmente ao tecido empresarial do municipio. A terceira actividade prevista, “Danzaterapia”, indican que non se pode realizar no formato previsto inicialmente pola alta demanda da actividade e vense na obriga de solicitar a modificación para realizar un obradoiro similar denominado “Actividade física creativa” para un maior número de persoas usuarias e complementándoo con un obradoiro de promoción da igualdade e prevención da VX denominado “Mergullémonos”.

Nesta modificación solicitada polo concello indícase que se levara a cabo a actividade “Actividade física creativa” con 3 grupos, realizándose 12 sesións de unha hora con cada un deles. Deste modo realizaranse 36 horas de actividade, sendo o prezo hora a 41,14€ (IVE incluído), resultando por tanto un total de 1.481,04€.

No obradoiro “Mergullémonos” levarase a cabo en dous grupos nos que participarán as persoas dos tres grupos da “Actividade física creativa”, que recibirán 4 sesións de hora e media, sendo o prezo hora de 50€/hora (exento de IVE), resultando un total de 8 sesións cun custe de 600€.



Dado que a primeira e segunda parte do programa denominadas “Xincanas corresponsables” e “Campana de sensibilización co comercio local”, non sofren modificación, o orzamento total do programa quedaría como segue:

“Xincanas corresponsables”	1.760,00€
“Campana de sensibilización co comercio local”	3.123,60€
“Actividade física creativa”	1.481,04€
“Mergullémonos”	600,00€
TOTAL	6.964,64 €

Dado que o gasto total do proxecto inicial ascendía a 5.900,00€, en base a esta cantidade aprobouse na Xunta de Goberno de 9 de agosto de 2024, a concesión ao Concello de Cuntis dunha axuda de 3.629,44€. Por tanto, en base á modificación solicitada, e á existencia dun novo orzamento total de 6.964,64€, e segundo o establecido na base décimo sexta das bases reguladoras da convocatoria, manteranse as condicións da subvención concedida, o importe da subvención e o orzamento subvencionado.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo sexta da convocatoria destas subvencións a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de un mes dende a resolución, ou con carácter inmediato á aparición das circunstancias que levan consigo a necesidade de modificación se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e, a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros.

Existindo informe da xefa do Servizo de Igualdade, de data 15 de outubro de 2024 (CSV: ZPK6ZWXXWKH0MLVB), no que considera xustificada a modificación solicitada. Vistos o informe favorable de Intervención, con data 21 de outubro de 2024 (CSV: PQ84OOK4O7A6EDX6).

Con data 22/10/2024 reúnese a Comisión de Valoración (CSV WEBVC2R2G6VPQ1OP) e autoriza a solicitude de modificación do proxecto xa que non se danan intereses de terceiros, non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e mantense a finalidade da subvención.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo sexta das bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o ano 2024.



Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a modificación do proxecto “*Fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero*”, presentado polo Concello de Cuntis (CIF: P3601500F), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2024.
2. Manter as condicións da subvención concedida, o importe da subvención e orzamento subvencionado.

6.34329.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO “LABREGAS ENREDADAS. REDE DE PRODUTORAS SOSTIBLES” DA ASOCIACIÓN PUNTODELAS. (Expte. 2024016719)

A *Asociación Puntodelas* solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Labregas enredadas. Rede de produtoras sostibles*”, ao abeiro da convocatoria de bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2024, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 28 de 8 de febreiro de 2024.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 19 de xullo de 2024, acordou concederlle á dita entidade, unha axuda económica por importe de 5.185,58 €, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Esta entidade, con data de 14 de outubro presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2024063693, no que nos comunica cambios no proxecto presentado inicialmente, producíndose un cambio na data na actividade 1, o lugar de realización da actividade 4 e o cambio de denominación da entidade onde se desenvolve a actividade 5.

Entre os obxectivos que a entidade persegue coa realización deste proxecto está o de promover a sustentabilidade económica, social e ambiental dos proxectos agroecolóxicos das labregas da provincia de Pontevedra a través da Rede de Produtoras Sostibles. Así mesmo, pretende mellorar o acceso aos recursos e financiamentos dos proxectos, formar ás labregas en técnicas especializadas de produción agroecolóxica adecuadas aos seus proxectos.

Para a consecución destes obxectivos programaron a creación dun espazo de encontro entre estas mulleres; desenvolvemento de diferentes actividades, entre elas a actividade nº1 “Coñecemos a Horta do Cadaval. A produción hortícola e a diversificación”, a actividade 4 “Coñecendo Carochinha Flores. Outros modelos de produción.” e a actividade 5 “As hortas como ferramentas de inclusión social. Fillas da Terra”.

Por motivos de organización do proxecto, a actividade nº1 realizouse nunha data diferente á prevista inicialmente, pasando de estar prevista para o mes de abril, a realizarse o 18 de xuño.

A actividade nº4 estaba previsto que se realizase en Caronchinha Flores e pasa a realizarse na finca de Cecilia Portela en Tomiño, sen que se produza modificación de orzamento ou contido da actividade.



A actividade nº5 desenvolverase na mesma localización prevista no proxecto inicial se ben esta pasará a ter unha nova denominación pola disolución da cooperativa inicial, pasando a estar xestionada por Boa Vida, inclusión activa. Non se produce modificación de orzamento ou contido da actividade.

Con data 17/10/2024 (CSV: CNIG6FNAF8CDJ5X6) o Servizo de Igualdade emite informe sinalando que a entidade, con esta solicitude de modificación do proxecto non dana dereitos de terceiros e non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude.

Con data 21/10/2024 (CSV: IL7DWOOBKDHSMT6) o Servizo de Intervención emite informe favorable con respecto á proposta de modificación.

Con data 22/10/2024 (CSV V1XJJG73J9Z8HB2N) reúnese a Comisión de Valoración e autoriza a solicitude de modificación do proxecto xa que non se danan intereses de terceiros, non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e mantense a finalidade da subvención.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo sexta da convocatoria destas subvencións a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de dous meses dende a resolución, ou con carácter inmediato á aparición das circunstancias que levan consigo a necesidade de modificación se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e, a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo sexta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2024.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a modificación do proxecto “*Labregas enredadas. Rede de produtoras sostibles*”, solicitado pola Asociación Puntodelas (CIF: G70370119), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2024.

7.34330.- INICIO DO PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO- CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)”(Expte.2022070641)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adjudicar á empresa MONCOSA OHS, S.A (CIF A15050958) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno- Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” por un importe de 268.973,62 € IVE incluído, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.



Resultando.- Que con data 29/06/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 29/10/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/11/2023 acordou conceder á empresa MONCOSA OHS, S.A., unha ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, no contrato de obras “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 29/12/2023.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 16/02/2024 acordou conceder á empresa MONCOSA OHS, S.A., unha ampliación de prazo de CUARENTA E CINCO (45) DIAS, na execución do contrato de obras “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 08/03/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 5I8BE8EDZKMP0OKB documento do libro de ordes da obra, no que o director de obra na data 15/03/2024 anota na folla nº1 diversas instrucións para o contratista relativas á execución das unidades de obra que quedan por executar.

En particular recolle o libro de ordes que se lle advertiu tanto verbalmente como por escrito que non se autoriza o asfaltado da estrada no p.q. 0+530, mentres o contratista non remate o muro da marxe esquerda a p.q.+ da ponte. Recollese tamén que o muro de contención do terraplén deberá alcanzar a cota da zahorra, así como cal debe ser a súa lonxitude. Ademais a zahorra deberá alcanzar resultados favorables nas placas de carga previo ó asfaltado, advertindo de que de rematar a obra sen atender ás instrución da Dirección de obra, a acta de recepción será desfavorable. Recórdase tamén que a obra atópase fora do prazo de execución, con levando a demora na execución por causa imputable ó contratista, a imposición das respectivas penalidades establecidas na normativa de contratación. Destas instrucións dáselle traslado ó contratista o día 15/03/2024, constando documento o efecto no expediente con CSV: DUFKZTJJH8JDIH8I.

Resultando.- Que na data 01/04/2024 a Dirección de Obra apuntou na folla nº2 do libro de ordes que o contratista na data 25/03/2024 procedeu ó asfaltado da estrada na zona da ponte do p.q. 0+530, incumprindo a prohibición expresa de facelo dada pola dirección de obra en reiteradas ocasións, tanto por escrito coma verbalmente.

Recolle a anotación no libro de ordes tamén que no momento en que se asfaltou a estrada, o muro seguía sen estar rematado e a zahorra seguía sen cumprir os valores mínimos, dando a instrución de retirar o aglomerado estendido, substituír a zahorra por unha máis amplía e terminar o muro de contención segundo o indicado na folla nº1 do libro de ordes.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: NN3ALIYS03Q7W7XG acta de reunión mantida na data 05/04/2024 entre o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o Director de Obra e o Xefe de Obra da empresa Moncosa OHS, S.A., na que o director de obra expúsolle ó xefe de obra a situación da obra, así como as anotacións realizadas no libro de ordes nas data 15/03/2024 e 01/04/2024 que xa foran comunicadas á empresa e as instrucións nelas dadas.

Recolle a citada acta, que á vista dos antecedentes, se lle indica ó xefe de obra o seguinte:

- Non procede o abono da zaborra artificial estendida na zona da ponte do P.Q. 0+530, por alcanzar valores insuficientes nos módulos de compresibilidade nos ensaios realizados de placa de carga, tal e como figura no informe de control de calidade da empresa CYE Control y Estudios.
- Non procede o abono do aglomerado estendido na zona da ponte do P.Q. 0+530, por realizarse o seu estendido sobre unha zaborra artificial non admisible e non aprobada polo Director do Contrato.
- Dado que o contratista non procedeu á terminación do muro da marxe esquerda a P.Q.+ da ponte e a zaborra estendida non é admisible, no momento no que se recepcione a obra estenderase acta de recepción desfavorable, indicándose na acta o prazo que se determinará para corrixir os defectos observados.

Resultando.- Que con data 14/05/2024 o director de obra emitiu informe de recepción da obra, que consta no expediente con CSV: A1LZSRKOKI71819H, recollendo táboa de medicións, informando ademais do seguinte “[...]. Á data da redacción deste informe, tras sucesivos requirimentos realizados pola Dirección de Obra ó contratista para subsanación de incorreccións, estes non foran atendidos e existen varias unidades de obra da zona da ponte do P.Q. 0+530 con deficiencias, sendo estas as seguintes: A zaborra artificial non cumpre os ensaios de placa de carga, o muro de contención a PQ+ marxe esquerda está sen rematar e o aglomerado estendido non chega ata o límite do dominio público viario nin a PQ- na marxe dereita nin a PQ+ na marxe esquerda prexudicando con ilo a seguridade viaria, ademais está estendido sobre unha zaborra artificial non admisible e preto dun muro de contención sen rematar. No caso da zaborra artificial, tal e como consta no expediente, a Dirección de Obra advertiulle en innumerables ocasións ó contratista, que os ensaios de placa de carga non cumprían os valores mínimos e que non se autorizaba o estendido do aglomerado mentres a zaborra artificial non acadase resultados admisibles e mentres non se rematase ata coronación o muro de contención do terraplén da marxe esquerda a PQ+ da ponte do 0+530. Sen embargo o contratista fixo caso omiso ás instrucións que lle deu a DO tanto de maneira verbal, como por escrito en sucesivos e-mails e na anotación Nª1 do Libro de Ordes. En vista do cal, a DO procedeu a facer un requirimento na folla Nª2 do Libro de Ordes e un segundo requirimento na reunión do 5 de abril de 2024. O contratista se negou a firmar as anotacións Nª1 e Nª2 do Libro de Ordes e a acta da reunión do 05/04/2024, pero consta no expediente o envío do contido de tódolos documentos ó correo electrónico do xefe de obra da empresa adxudicataria. Por outra parte constan reclamacións dos 2 propietarios das 2 fincas privadas situadas na marxe dereita da ponte. No caso da finca situada a PQ- consta unha reclamación por escrito e no caso da reclamación do propietario da finca situada a PQ+ a reclamación foi verbal. En ambos casos os propietarios solicitan que se retire o material pedregoso procedente da escavación na ponte do 0+530 para que as fincas queden na mesma situación inicial, manifestando ambos que foi depositado pola empresa contratista sen consentimento previo. O prazo inicial da obra era de 4 meses, posteriormente tramitáronse dúas ampliacións de prazo (unha de 2 meses e outra de 45 días naturais), así como unha suspensión do prazo da obra de 25 días naturais, de maneira que o prazo final da obra rematou o 8 de marzo de 2024. Sen embargo os últimos traballos realizados na obra datan do 19 de abril de 2024. O retraso acaecido dende o 8 de marzo de 2024 ata o 19 de abril de 2024 débese a causas imputables ó contratista..”



Resultando.- Que con data 21/05/2024 asignase acta de recepción desfavorable, debido a que existen elementos ou aspectos non executados ou executados incorrectamente, susceptible de emenda no prazo concedido ao contratista. Consta no expediente con CSV: ZCTDXETPMAZAILDP.

Resultando.- Que con data 22/05/2024 emitiu o director de obra informe complementario á acta de recepción desfavorable, que consta no expediente con CSV: 61ZJPD282VN12506. Nel recóllense as instrucións dadas ó contratista para subsanar as deficiencias, concedéndolle un prazo de 2 meses para tal fin. Tanto da acta de recepción desfavorable, como do informe ampliatorio da dirección de obra, foron notificados ó xefe de obra.

Resultando.- Que con data 24/07/2024 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra escrito do contratista onde expón as deficiencias que arranxou, solicitando unha nova recepción da obra, para comprobar as melloras realizadas.

Resultando.- Que con data 30/07/2024 formalizouse entre todas as partes, unha nova acta de recepción desfavorable, que consta no expediente con CSV: ZCTDXETPMAZAILDP. Nela recóllese que se constata que as deficiencias detectadas previamente non foron enmendadas, concluíndo que aquelas non se atopan en bo estado e non se axustan ás condicións previstas no contrato, existindo novamente elementos non executados ou executados incorrectamente susceptibles de emenda.

Resultando.- Que con data 01/08/2024 o director de obra emitiu informe ampliatorio á acta de recepción desfavorable, no que se detallan todas as deficiencias que existen na obra e o contratista non arranxou correctamente que dan lugar a que a recepción sexa novamente desfavorable. Tanto da acta de recepción desfavorable, como do informe ampliatorio da dirección de obra, foron notificados ó xefe de obra.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 1P6K6SVI0XTWPPL3 novo escrito do contratista no que pon de manifesto na boa execución da obra, solicitando o abano dos traballos de construción do muro da marxe esquerda da estrada.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: informe do xefe de Servizo de Contratación, no que se recolle o seguinte: “... O contrato de obras configúrase como un contrato de resultado, debendo o contratista finalizar as obras a satisfacción da administración axustándose ás especificacións técnicas previamente establecidas no proxecto e das que foi coñecedor o contratista na licitación. A pesar das numerosas instrucións dadas polo Director de obra, e do prazo extraordinario concedido na recepción de obra, o contratista non mostra vontade de corrección das unidades que non cumpren cos mínimos de calidade esixidos polas normas. Considerando que os contratos se extinguirán polo seu cumprimento ou resolución, e que o artigo 243.3 Lcsp sinala cando as deficiencias non permitan declarar o contrato cumprido na súa totalidade, a esta administración só queda declarar a resolución. A resolución forma parte das prerrogativas da administración, debendo instruírse un procedemento con audiencia ao contratista, e que conte cos informes do Secretario e intervención a; así como, do Consello Consultivo de Galicia, sendo preceptivo a súa solicitude, pero non vinculante en caso de oposición polo contratista. O procedemento debe finalizarse no prazo de 3 meses máximo desde o seu inicio, tendo unha serie de efectos engadidos coma e a incautación da garantía, así como a indemnización a administración de danos e prexuízos [...]”.





Considerando. – Que os contratos deberán cumprirse a teor das súas cláusulas, art.189 Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación en favor das Administracións Públicas, como son a de interpretar os contratos, resolver as dúbidas para o seu cumprimento, declarar a responsabilidade do contratista, acordar a resolución do contrato e os efectos desta. (art. 190 LSCP).

Considerando.- Que o artigo 209 da LCSP dispón que os contratos se extinguirán polo seu cumprimento ou por resolución. O cumprimento será a forma normal da extinción de contrato, cando chegue a executarse na súa integridade por parte do contratista e a satisfacción da administración, de acordo con as coas condicións obrigacionais que previron nos pregos, proxecto e no contrato.

Considerando.- Que o artigo 210 da LCSP dispón que *“o contrato se entendera cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo con os termos do mesmo e a satisfacción da administración, a totalidade da prestación”*.

Considerando.- Que a execución dos contratos desenvolverase, sen prexuízo das obrigacións que correspondan ao contratista, baixo a dirección, inspección, e control do órgano de contratación, o cal poderá ditar as instrucións oportunas para o fiel cumprimento do convido, tal e como establece o artigo 210 LCSP, artigo 941 e 2 do RGTRLACP.

Considerando.- Que de conformidade co previsto no artigo 210.2 LCSP a constatación do cumprimento esixirá por parte da administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato.

Considerando.- Que seguindo o previsto no artigo 243.3 LCSP ante as deficiencias que non permite declarar que o contrato esta cumprido na súa totalidade a satisfacción da administración, só queda a esta administración declarar a resolución do contrato

Considerando.- Que o acordo de resolución dos contratos é unha das prerrogativas do a administración, debéndose dar audiencia ao contratista no procedemento que se instrúa para o efecto, así o prevé o articulo 191 LCSP.

Considerando.- Que o artigo 213.3 da LCSP recolle que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais indemnizar á Administración dos danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Iniciar o procedemento de resolución do contrato de obras *“Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”*



2. Conferir á empresa MONCOSA OHS, S.A. un prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á notificación deste acordo, para que faga as alegacións e presente os documentos ou xustificacións que estime pertinentes.

8.34331.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA MEDANCLI, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 1, 2, 3, 4, 5 E 6 DO CONTRATO DE “SUBSTITUCIÓN DE CALDEIRAS DE GASÓLEO POR BIOMASA RECOLLIDAS NO EXPEDIENTE DE AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO DE DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA NÚMERO FEDER\_EELL\_2019-000559” (Expte.2020028372) (Devogarán 2021006272).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 30 de outubro do ano 2020 (CSV.- HW33NU8YKZCIXO41), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar a contratación dos “*Substitución de caldeiras de gasóleo por biomasa recollidas no expediente de axuda concedida polo instituto de diversificación e aforro da enerxía número FEDER\_EELL\_2019-000559*”. (Expte. 2020028372)

Para responder da correcta execución de ditos lotes, a entidade mercantil MEDANCLI, S.L. (B-15947088), constituíu na Tesourería desta Deputación, as garantías definitivas equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación de ditos contratos, que foron as seguintes:

Empresa	Lotes	Importe	Carta de Pago	Data
MEDANCLI, S.L. (B-15947088)	1	2.549,29€	202000186434	22/10/2020
	2	2.460,80€	202000186444	22/10/2020
	3	2.454,34€	202000186431	22/10/2020
	4	1.245,80€	202000186445	22/10/2020
	5	2.494,37€	202000186438	22/10/2020
	6	2.306,45€	202000186442	22/10/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Cooperación (CSV.- QRKD04HJ7HAX6KSP), no cal informa que “*o expediente de devolución das garantías definitivas ás empresas adxudicatarias respectivas, e constituídas en legal forma para as obras de “SUBSTITUCIÓN DE CALDEIRAS DE GASÓLEO POR BIOMASA RECOLLIDAS NO EXPEDIENTE DE AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO DE DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA NÚMERO FEDER\_EELL\_2019-000559”*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade MEDANCLI, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación dos lotes 1, 2, 3, 4, 5 e 6 que compuxeron o contrato de “*Substitución de caldeiras de gasóleo por biomasa recollidas no expediente de axuda concedida polo instituto de diversificación e aforro da enerxía número FEDER\_EELL\_2019-000559*”.
- SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *MEDANCLI, S.L.* (B-15947088), por resultar adxudicataria de ditos lotes, que son os seguintes:
  - A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *AFIGAL*, por importe de dous mil cincocentos corenta e nove euros con vinte e nove céntimos (2.549,29 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/10/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000186434.
  - A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *AFIGAL*, por importe de dous mil catrocentos sesenta euros con oitenta céntimos (2.460,80€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/10/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000186444.
  - A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *AFIGAL*, por importe de dous mil catrocentos cincuenta e catro euros con trinta e catro céntimos (2.454,34€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/10/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000186431.
  - A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *AFIGAL*, por importe de mil douscentos corenta e cinco euros con oitenta céntimos (1.245,80 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/10/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000186445.
  - A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *AFIGAL*, por importe de dous mil catrocentos noventa e catro euros con trinta e sete céntimos (2.494,37€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/10/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000186438.
  - A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *AFIGAL*, por importe de dous mil trescentos seis euros con corenta e cinco céntimos (2.306,45€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/10/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000186442.



9.34332.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA FORESTACIÓN GALICIA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE 7 DO CONTRATO DE “SUBSTITUCIÓN DE CALDEIRAS DE GASÓLEO POR BIOMASA RECOLLIDAS NO EXPEDIENTE DE AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO DE DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA NÚMERO FEDER EELL 2019-000559” (Expte.2020028372) (Devogarán 2021006272)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 30 de outubro do ano 2020 (CSV.- HW33NU8YKZCIXO41), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar a contratación dos “*Substitución de caldeiras de gasóleo por biomasa recollidas no expediente de axuda concedida polo instituto de diversificación e aforro da enerxía número FEDER\_EELL\_2019-000559*”. (Expte. 2020028372)

Para responder da correcta execución de dito lote, a entidade mercantil FORESTACIÓN GALICIA, S.A. (A-32226326), constituíu na Tesourería desta Deputación, a garantía definitiva equivalente ao 5% do prezo de adxudicación de dito contrato, que foi a seguinte:

Empresa	Lote	Importe	Carta de Pago	Data
FORESTACIÓN GALICIA, S.A. (A-32226326)	7	4.548,05€	202000187898	23/10/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Cooperación (CSV.- QRKD04HJ7HAX6KSP), no cal informa que “*o expediente de devolución das garantías definitivas ás empresas adxudicatarias respectivas, e constituídas en legal forma para as obras de “SUBSTITUCIÓN DE CALDEIRAS DE GASÓLEO POR BIOMASA RECOLLIDAS NO EXPEDIENTE DE AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO DE DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA NÚMERO FEDER\_EELL\_2019-000559”*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade MEDANCLI, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do lote 7 do contrato de “*Substitución de caldeiras de gasóleo por biomasa recollidas no expediente de axuda concedida polo instituto de diversificación e aforro da enerxía número FEDER\_EELL\_2019-000559*”.
- SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *FORESTACIÓN GALICIA, S.A.* (A-32226326), por resultar adxudicataria de dito lote, que foi o seguinte:
  - o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BBVA*, por importe de catro mil cincocentos corenta e oito euros con cinco céntimos (4.548,05 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/10/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000187898.

10.34333.- AUTORIZAR A REFORMULACIÓN DO PROXECTO DO INVESTIMENTO “RESTAURACIÓN DO PALCO DE MÚSICA”, INCLUÍDO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2022) DO CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO (Expte.2022003965)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021”. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.
- No marco do devandito Plan, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 4 de marzo de 2022 (acordo núm. 13.31390), se lle concedeu ao *concello de Mondariz-Balneario*, unha subvención por importe de 91.257,67 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Restauración do palco de música*” (expediente: 2022003965), cun orzamento polo mesmo importe.
- A citada concesión quedou condicionada á resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidades.
- En data 18/08/2023 ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación WEB2023049342, oficio do *concello de Mondariz-Balneario* no que solicita ao servizo de asistencia xurídica e técnica da Deputación de Pontevedra a supervisión do cambio de proxecto polo importe de 98.683,22 euros do investimento referido no parágrafo e solicita a súa supervisión.
- O cambio se redacta para dar cumprimento aos condicionamentos impostos pola administración antes referida.



- En data 11/09/2023 o *Concello* recibe o informe de supervisión favorable emitido polo facultativo técnico do servizo de Cooperación e neste contexto a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 18/09/2023 aproba o cambio do proxecto do investimento “*Restauración do palco de música*”, por importe de 98.683,22€.
- En data 09/10/2024 o *Concello* remite a documentación xustificativa do investimento referido no parágrafo anterior e solicita o libramento da subvención concedida.
- Do estudo da documentación recibida infírese que o *Concello* e pola carga de traballo esqueceuse de remitir ao servizo de Cooperación o cambio do proxecto, supervisado por técnicos da Deputación e aprobado por seu órgano de contratación, polo importe de 98.683,22 €.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Acordo plenario núm. 4.8084 de data 24/11/2023 (publicado no BOPPO núm. 229 de data 28/11/2023) que estende o prazo para solicitar investimentos por reinvestimento de baixas ou cambios de finalidade ata o 31/05/2024, o de execución ata o 30/09/2024 e o de xustificación ata o 31/10/2024

### Consideracións Xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.



Resolución do expediente:

- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación que dispón que salvo que a resolución ou a acordo de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución/acordo de concesión, incluídos os prazos de execución ou xustificación, non debendo variarse o destino ou a finalidade da subvención ou axuda pública.  
A solicitude deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición da circunstancia que a cause e con antelación a finalidade do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras da concesión.
- Base 17ª das Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 que permite, a modificación da resolución ou acordo de concesión, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada, estará suxeita ao cumprimento dos requisitos; a) Petición por parte do Concello, que deberá vir motivada, entre outras, nas seguintes circunstancias; (...) Necesidade de cumprir coas cautelas ou requirimentos impostos nas autorizacións sectoriais concedidas con posterioridade ao outorgamento da subvención e antes da licitación do investimento(...) b) Acordo do órgano competente do *Concello* que aproba as variacións operadas.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación de datas 11/09/2023 e 24/10/2024 e da xefa do servizo de Cooperación de data 24/10/2024 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial de data 24/10/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a reformulación do proxecto técnico aportado inicialmente e que figura no expediente, polo novo documento técnico, presentado en data 18/08/2023 co rexistro de entrada WEB2023049342, que rexerá a execución do investimento “*Restauración do Palco de música*” (expediente: 2022003965), sen variar a tipoloxía aprobada nin o importe da subvención concedida na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 4 de marzo de 2022 (acordo núm. 13.31390).
- O cambio supón un incremento do orzamento de 7.425,55€ con respecto ao documento orixinal, asumido polo *Concello* con cargo a fondos propios.
- O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial do día 4 de marzo de 2022 (acordo núm. 13.31390), permanece invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Mondariz - Balneario*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete de Presidencia.



11.34334.- AUTORIZAR A REFORMULACIÓN DO PROXECTO DO INVESTIMENTO “MELLORA PAISAXÍSTICA E EMBELECEMENTO DO ENTORNO DA PONTE ROMÁNICA DA RAMALLOSA”, INCLUÍDO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2022) E REAXUSTE DO SEU FINANCIAMENTO. CONCELLO DE NIGRÁN. (Expte.2022013171)

Consta no expediente núm. 2022013171, o informe proposta da xefatura do servizo de cooperación co seguinte teor literal:

“INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

En data 22/04/2022, mediante acordo da xunta de goberno núm. 10.31605, concedeuse ao Concello de Nigrán, no marco do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 90.168,53 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Mellora paisaxística e embelecendo do entorno da ponte románica da Ramallosa” (expte.2022013171), en base a un orzamento que ascendía a 132.897,99 euros, debendo a entidade municipal co-financiar 42.729,46 euros.

En data 16/10/2024 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB20240064158, dunha instancia xenérica do Concello de Nigrán que anexa un novo documento técnico do investimento arriba referido.

Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado na necesidade de emendar erros de medición e outros padecidos na redacción do proxecto e postos de manifesto pola técnica municipal.

Neste contexto, o novo proxecto descritivo da obra a realizar non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, pero varía o orzamento de licitación que pasa a importar 114.726,90 euros no lugar dos 132.897,99 euros iniciais.

Así mesmo, o Concello solicita formalmente que a subvención da Deputación permaneza invariable en 90.168,53 euros e se minore a achega municipal que pasa a importar 24.558,37 euros no lugar dos 42.729,46 euros establecidos inicialmente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo





### Consideracións Xurídicas

#### *Instrución do expediente:*

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

#### *Petición e evacuación de informes:*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### *Resolución do expediente*

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
- A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. A solicitude motivada debe non prexudicar dereitos de terceiros. presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e non prexudicar dereitos de terceiros.
- Acordo do pleno da Deputación núm. 4.8084 de 24/11/2023 (publicado no BOPPO núm. 229 de 28/11/2023) que estende o prazo de execución dos investimentos incluídos no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, ata o 30/09/2024 e o de xustificación ata o 31/10/2024.

### CONCLUSIÓN

A normativa en materia de subvencións, tanto estatal, autonómica, como a ditada pola propia Deputación, reflicten como característica diferenciadora a afección da axuda pública ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.

Á vista da definición de subvención que ofrecen a LXS ou a LSG, no caso de tratarse dun proxecto de obra, a descrición que este fai das actuacións contidas nel delimita a finalidade subvencionable.



*Para a concesión da subvención co obxecto do financiamento do investimento “Mellora paisaxística de embelecemento da Ponte románica da Ramallosa” (Ref. 2022013171) tívose en conta un proxecto, por importe 132.897,99 euros, que se estimou acaído e suficiente para deducir o seu carácter e a adecuación á convocatoria do PLAN CONCELLOS 2022-2023.*

*Mais, antes de iniciar a licitación do investimento, xorde a necesidade de emendar erros de medición e outros aspectos postos de manifesto pola técnica municipal. Estas correccións dan lugar a unha minoración do orzamento de licitación da obra de referencia que pasa a importar 114.726,90 euros no lugar dos 132.897,99 euros.*

*Visto que o novo documento técnico non altera a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, non modifica o ámbito de actuación da obra, que segue a ser o mesmo, nin prexudica dereitos de terceiros.*

*Visto que o persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación emitiu, en data 21/10/2024, informe favorable de supervisión e control do proxecto das actuacións a levar a cabo.*

*Subliñar que o Concello de Nigrán dentro dos límites obxectivos, atendendo ás normas de competencia, formalmente e antes de iniciar a execución do investimento, en concreto na data de 17/07/2023, aprobou o proxecto técnico da obra “Mellora paisaxística de embelecemento da Ponte románica da Ramallosa” (Ref. 2022013171), coas correccións propostas, se ben por un erro administrativo o devandito proxecto non tivo entrada no rexistro da Deputación ata o día 16/10/2024 coa a xustificación do investimento.*

*Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación da solicitude do Concello de Nigrán, CIF:P 3603500D, a fin de que:*

- ✓ *Se acepte o cambio de documento técnico no investimento “Mellora paisaxística de embelecemento da Ponte románica da Ramallosa” (Ref. 2022013171), incluído no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, aos efectos de que se poida validar a documentación xustificativa da obra de referencia nos termos nos que a actuación foi executada polo Concello.*
- ✓ *Se acepte o axuste na distribución do financiamento da obra que quedaría como segue:*
  - *Deputación 90.168,53 euros.*
  - *Concello 24.558,37 euros.*

### RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da lei 7/21985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade locais, e nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial a competencia para aprobar a presente modificación correspóndelle á xunta de goberno, por ser o órgano que, no seu momento, autorizou e comprometeu o gasto.*

*Este informe no ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.*

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e visto o informe da Intervención Provincial de data 24/10/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a reformulación do proxecto técnico, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, da obra do Concello de Nigrán “MELLORA PAISAXÍSTICA E EMBELECEMENTO DO ENTORNO DA PONTE ROMÁNICA DA RAMALLOSA” (Expte. 2022013171). A reformulación do proxecto, que responde á necesidade de emendar erros de medición e outros padecidos na redacción do proxecto e postos de manifesto pola técnica municipal, implica unha minoración do seu custe dado que pasa a importar 114.726,90 € no lugar dos 132.897,99 € establecidos inicialmente.



- Aprobar o axuste no financiamento da obra “MELLORA PAISAXÍSTICA E EMBELECEMENTO DO ENTORNO DA PONTE ROMÁNICA DA RAMALLOSA” (Expte. 2022013171), que, sen variar a subvención outorgada pola Deputación e minorando a achega municipal ao devandito investimento, queda tal e como se reflicte deseguido.

- Deputación 90.168,53 euros.
- Concello 24.558,37 euros.

Deste modo, a subvención outorgada pola Deputación pasa a financiar o 78,59406% do custe do investimento no lugar do 67,85% contemplado inicialmente.

- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Nigrán, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.34335.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024) (Expte.2023072346)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

*“Á vista da resolución favorable de concesión das subvencións da convocatoria do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan provincia comunitaria 2024)”, e co obxecto de ampliar o prazo para a execución das actuacións das e a súa xustificación, a xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

## I. ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobou as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (plan provincia comunitaria 2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.*

*Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 29/02/2024 e nese prazo, un total de 239 asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños ou asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra presentaron as correspondentes solicitudes.*

*Terceiro.- Posteriormente procedeuse a requirirille as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños ou asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra a emenda dos erros, defectos ou omisións emendables detectados nas súas solicitudes, segundo o previsto nas bases 7ª e 10ª.*

*Cuarto.- De acordo coa base 13ª, reguladora de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan provincia comunitaria 2024), as actuacións deberán estar executadas e xustificadas na súa totalidade o 30 de novembro de 2024.*



*Quinto.- Polo que, tendo en conta a complexidade que comportou para as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños ou asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra a preparación de toda a documentación válida para a concesión das subvencións e en concreto, a transformación dos orzamentos ás tarifas de referencia vixentes e sendo todo un impedimento que dificultou o cumprimento dos prazos.*

*Sexto.- Considérase necesario ampliar o prazo previsto na base 13ª, reguladora de subvencións do programa de axudas a as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños ou asociacións de mulleres rurais (Plan provincia comunitaria 2024) en SEIS MESES (6) dende a data de resolución de concesión para a execución das actuacións e a xustificación das mesmas quedando excluída calquera outra ampliación de prazo.*

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan provincia comunitaria 2024)*

## CONSIDERACIONES XURÍDICAS

### Competencia:

- *Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGs, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación lle compete a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*



### III.- CONCLUSIONES:

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobou as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan provincia comunitaria 2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas, en concreto, para sufragar os gastos derivados de investimentos realizados polas asociacións da provincia de Pontevedra.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución e xustificación do citado Plan provincia comunitaria 2024 é necesario a ampliación do prazo máximo de SEIS MESES (6), quedando establecida esta data máxima para a execución das actuacións e a xustificación das mesmas en SEIS MESES (6) dende a data de concesión da axuda. Quedando excluída calquera outra ampliación de prazos.

En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización de ambos prazos máximos.

Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do PRAZO SEIS MESES (6) desde a data de resolución de concesión da axuda para a execución das actuacións e a xustificación do Plan provincia comunitaria 2024 non constitúe un prexuízo a terceiros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a modificación do prazo de execución e xustificación das actuacións Plan provincia comunitaria 2024 conforme ao descrito previamente.

### IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do día 22/10/2024, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 25/10/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o prazo previsto na base 13<sup>a</sup>, reguladora de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan provincia comunitaria 2024) quedando establecido en SEIS MESES (6) dende a data de resolución de concesión para a execución das actuacións e a xustificación das mesmas quedando excluída calquera outra ampliación de prazo.
2. Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.



13.34336.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO PR-D5000-2021-001085 “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS PARA AUTOCONSUMO CONECTADAS Á REDE EN DIVERSOS EDIFICIOS DOS MUNICIPIOS DE CALDAS DE REIS, CATOIRA, DOZÓN, FORCAREI E RIBADUMIA” E A SOLICITUDE AO IDAE DA AUTORIZACIÓN DA MODIFICACIÓN DO “PROXECTO 2-MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS PARA AUTOCONSUMO NOS EDIFICIOS CASA CONSISTORIAL E POLIDEPORTIVO E PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS” DENTRO DO PROXECTO PR-D5000-2021-001085 .(Expte.2021052801).

No expediente consta o informe da Xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

*“Á vista da resolución favorable de concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto “Instalacións Fotovoltaicas Sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”, e co obxecto de solicitar a modificación da axuda concedida mediante resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2022027497 e data 09/12/2022, a Xefa de Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

#### I. ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou o día 4 de agosto de 2021 (BOE núm. 185) o Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinado a municipios de reto demográfico.
- Dentro das competencias que confire a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80 de 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está segundo o artigo 36.1.d), “o fomento do desenvolvemento económico e social e a defensa dos intereses peculiares da provincia”.
- Que mediante Resolución presidencial número RP2021006570 de 04/11/2021, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas baixo o proxecto denominado “Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” ao amparo da “Medida 2. Instalacións de xeración eléctrica renovable para autoconsumo, con ou sen almacenamento” do anexo I do Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; destinado a municipios de reto demográfico.



- En data 06/11/2021 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Instalacións Fotovoltaicas Sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”, asignándolle o Rexistro número 202100017465. Tras a súa avaliación, en data 09/12/2022, con rexistro de entrada número 2022027497 recíbese resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo aos fondos NextGeneration -EU por un importe de 134.065,98 euros, asignándolle o número de proxecto PR-D5000-2021 001085.

O obxecto do proxecto é a instalación de solares fotovoltaicas, é dicir, un sistema de xeración eléctrica que transforma a radiación solar en enerxía eléctrica renovable mediante o efecto fotovoltaico, en edificios e infraestruturas públicas.

Concretamente as actuacións consisten na:

- Instalación de 11 solares fotovoltaicas con modalidade de autoconsumo con vertido á rede de excedentes, distribuídas en 5 municipios da provincia de Pontevedra en concreto en Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia.
- Con esta actuación no concello de Caldas de Reis na casa consistorial a potencia eléctrica da instalación será de 21,76 kW e a súa produción anual estimada será de 26.658 kWh e no polideportivo e na piscina municipal a potencia eléctrica da instalación será de 20,40 kW e a súa produción anual estimada será de 23.876 kWh.
- Por outra banda, no concello de Catoira, no colexio público integrado a potencia eléctrica da instalación será de 10,88 kW e a súa produción anual estimada será de 12.677 kWh e no pavillón de deportes a potencia eléctrica da instalación será de 5,44 kW e a súa produción anual estimada será de 7.023 kWh.
- Con respecto ao concello de Dozón, na casa do concello a potencia eléctrica da instalación será de 2,72 kW e a súa produción anual estimada de 3.533 kWh, no centro de saúde a potencia eléctrica da instalación será de 2,72 kW e a súa produción anual estimada de 3.478 kWh, e no albergue a potencia eléctrica da instalación será de 10,88 kW e a súa produción anual estimada de 14.828 kWh.
- No caso do concello de Forcarei, na súa casa do concello a potencia eléctrica da instalación será de 8,16 kW e a súa produción anual estimada será de 10.115 kWh.
- E no concello de Ribadumia, na piscina e no club náutico a potencia eléctrica da instalación será de 10,88 kW e a súa produción anual estimada será de 13.081 kWh, na casa da cultura a potencia eléctrica da instalación será de 10,88 kW e a súa produción anual estimada será de 13.227 kWh, e por último, no complexo deportivo a potencia eléctrica da instalación será de 16,32 kW e a súa produción anual estimada será de 21.585 kWh.
- Na devandita resolución de concesión da axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:
  - Importe da axuda concedida  
Conceder á Deputación de Pontevedra, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 134.065,98 €.



- *Datos económicos e axuda do expediente por municipio*

<i>Municipio</i>	<i>Inversión total admitida (€)</i>	<i>Custo elixible admitido (€)</i>	<i>Custo subvencionable (€)</i>	<i>Axuda proposta (€)</i>
<i>Caldas de Reís</i>	<i>55.823,35</i>	<i>55.823,35</i>	<i>55.568,04</i>	<i>47.232,83</i>
<i>Forcarei</i>	<i>10.759,32</i>	<i>10.759,32</i>	<i>10.759,32</i>	<i>9.145,42</i>
<i>Dozón</i>	<i>21.564,62</i>	<i>21.564,62</i>	<i>20.902,75</i>	<i>17.767,33</i>
<i>Ribadumia</i>	<i>49.591,85</i>	<i>49.591,85</i>	<i>49.591,85</i>	<i>42.153,07</i>
<i>Catoira</i>	<i>21.564,62</i>	<i>21.564,62</i>	<i>20.902,75</i>	<i>17.767,33</i>
<i>Total proxecto</i>	<i>159.303,76</i>	<i>159.303,76</i>	<i>157.724,71</i>	<i>134.065,98</i>

- *Execución e xustificación dos investimentos subvencionables:*

*O prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución do proxecto é de (24) vinte e catro meses desde a data de notificación da resolución de concesión.*

*A xustificación da execución do proxecto e da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda debe realizarse ante o Órgano Instrutor nun prazo máximo de (2) dous meses contados a partir da data en que expira o prazo máximo de execución, e, en todo caso, con data límite o 30 de novembro de 2025, a partir da cal non poderá aceptarse ningunha nova documentación.*

- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2022, adoptou entre outros, o acordo número 3.32433 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-D5000-2021-001085 “Instalacións Fotovoltaicas Sostibles II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reís, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” e concesión de axuda comprometida pola Deputación aso seu abeiro aos concellos beneficiarios. (Expediente 2021052801).*
- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2023, adoptou entre outros o acordo número 10.32848 no que se aproba o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do contrato mixto de subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia.*
- *A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2023, adxudicou os tres lotes do contrato de subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia á empresa Setga, S.L.U. (CIF: B36699064).*





- Con data 14/11/2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e Setga SLU (CIF B-36.699.064), o contrato administrativo para a execución do lote 2 “Proxecto 2.-Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis” establecendo un prazo de execución de 4 meses, contados desde a sinatura da acta de comprobación de reformulo.
- O Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares ao que está suxeito o contrato indica, no apartado 20.1.4: “A ou o contratista, como substituto da Administración, está obrigado a xestionar o outorgamento de todas as licenzas, impostos, autorizacións e requirimentos establecidos nas normas e ordenanzas municipais e de calquera outro organismo público ou privado que sexan necesarios para o inicio, execución e entrega ao uso ou servizo das obras, solicitando da Administración os documentos que para iso sexan necesarios, sen prexuízo da actuación que a esta última lle corresponda.”
- Con data 01/12/2023 o Concello de Caldas de Reis solicita á Dirección Xeral De Patrimonio Cultural que se autoricen as actuacións contempladas no proxecto 2.-Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis e na data 13 de decembro de 2023, asinouse a acta de comprobación de reformulo negativa, ao estar pendente a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2023, autorizou a suspensión do inicio da execución das obras desde o día 13 de decembro de 2023, ata que se autorizasen as actuacións pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- En data 06/05/2024 e rexistro de entrada na Deputación e Pontevedra número 2024007517, recíbese resolución da Dirección Xeral De Patrimonio Cultural en canto a mencionada autorización sectorial. A autorización ven condicionada imposibilitando a colocación de paneis fotovoltaicos na cuberta do edificio catalogado da Casa do Concello/ Antigo Cárcere.
- O 27 de maio de 2024, asinouse acta de comprobación de reformulo negativa, que pon de manifesto que, debido a dita autorización condicionada, non se pode levar a cabo a execución de máis do 50% das obras.
- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de día 2 de agosto de 2024 acordou resolver o lote 2 (Proxecto 2. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis) do contrato de subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia.
- O devandito lote do contrato, subscrito coa empresa Setga, S.L.U. (CIF: B36699064), resolverse ao abeiro da causa de resolución establecida no artigo 211.1, letra g) da LCSP. Ante a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, sen que sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205. Dita causa motívase na autorización sectorial emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que impide a colocación de paneis fotovoltaicos na cuberta do edificio catalogado da Casa do Concello, Antigo Cárcere, o que supón a imposibilidade de executar máis do 50 por cento das obras.
- Seguindo os condicionantes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural indicados na Resolución sobre unha intervención no camiño de Santiago para a autorización das obras descritas no proxecto “Proxecto 2.-Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis”, reformulouse o proxecto para volver licitar.
- O orzamento de execución por contrata do proxecto reformulado ascende a 25.774,21 € (IVE engadido), polo que diminúe en 26.782,14 respecto do proxecto inicial 52.556,35 €.



O cadro financeiro inicial é o que se corresponde coa seguinte táboa:

Concello	Investimento elixible admitido	Subvención máxima do IDAE (85% sobre o custo subvencionable)	Achega do Concello	Achega da Deputación de Pontevedra
Caldas de Reis	55.823,35€ (52.556,35 € proxecto + 3.267,00 € honorarios técnicos)	47.232,83€	4.124,65€	4.465,87€

O novo cadro de financiamento da actuación é o seguinte:

Concello	Investimento elixible admitido	Subvención máxima do IDAE (85%)	Achega do Concello (7%)	Achega da Deputación de Pontevedra (8%)
Caldas de Reis	29.041,21 € (25.774,21 € proxecto + 3.267,00 € honorarios técnicos)	24.685,03 €	2.032,88 €	2.323,30 €

- Con data 02/10/2024 aprobouse mediante Resolución Presidencial número 2024007696 o proxecto correspondente a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que se detallan a continuación:

– Denominación	Proxecto IDAE PR-D5000-2021-001085	CSV
Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas II	Actuación: Instalación de paneis fotovoltaicos para autoconsumo no edificio polideportivo e piscina municipal de concello de Caldas de Reis.	6FM3HNT52E55OIRA



- *Ante a demora acumulada debido a esta circunstancia imprevista, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo en 6 meses, regulado no Real Decreto 692/2021, sendo deste xeito o 09/06/2025 a data máxima para executar os traballos relativos á execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-001085 “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS PARA AUTOCONSUMO CONECTADAS Á REDE EN DIVERSOS EDIFICIOS DOS MUNICIPIOS DE CALDAS DE REIS, CATOIRA, DOZÓN, FORCAREI E RIBADUMILA”.*
- *A ampliación do prazo de execución en 6 meses, ata o 09/06/2025 non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, para a execución do proxecto obxecto de axuda.*
- *En todo caso a nova data non supera a data límite establecida na Resolución de Concesión da axuda do IDAE.*

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA

- *Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*
- *Bases de execución do presuposto da Deputación para o vixente exercicio.*

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Competencia:

- *De conformidade co previsto no artigo 17.1 do Real Decreto 692/2021 as condicións iniciais obxecto da resolución de concesión poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas para a execución dos proxectos obxecto de axuda, e que estean motivadas por causas técnicas ou doutra índole que impidan ou comprometan a formalización da contratación dos servizos e/o adquisición dos bens correspondentes, así como a execución do proxecto no prazo establecido, todo iso por motivos alleos ou sobrevindos ao beneficiario debidamente xustificadas, e a pesar de adoptarse as medidas técnicas e de planificación que resultasen esixibles. Non poderán admitirse substitucións ou modificacións substanciais do proxecto obxecto de axuda (ampliación do alcance, tipoloxía de actuación, localización) nin modificacións que non obedezan a unha causa técnica ou de contratación ou execución debidamente xustificadas.*



- De conformidade co previsto no artigo 17.2 do Real Decreto 692/2021 A modificación da resolución haberá de ser solicitada, no seu caso, polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a execución do proxecto obxecto de axuda e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao órgano concedente, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada.
- De conformidade co artigo 18 do Real Decreto 692/2021 o prazo de realización dos investimentos subvencionables e execución dos proxectos obxecto de axuda. O prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución dos proxectos obxecto das axudas reguladas por este real decreto será de vinte e catro meses desde a data de notificación da resolución de concesión.
- De conformidade co artigo 19.1 todas as xustificacións de gasto por parte dos beneficiarios acreditativas da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda deberán realizarse ante o órgano instructor nun prazo máximo de dous meses contados a partir da data en que expire o prazo máximo para a súa execución establecido respecto diso polo anterior artigo, e, en todo caso, con data límite o 30 de novembro de 2025, data esta a partir da cal non poderá aceptarse ningunha nova documentación.
- De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.

#### *Petición e evacuación de informes:*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.



*Resolución do expediente:*

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as Deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprométese a financiar unha porcentaxe das actuacións.*
- *De conformidade co previsto no artigo 17.1 do Real Decreto 692/2021 as condicións iniciais obxecto da resolución de concesión poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas para a execución dos proxectos obxecto de axuda, e que estean motivadas por causas técnicas ou doutra índole que impidan ou comprometan a formalización da contratación dos servizos e/o adquisición dos bens correspondentes, así como a execución do proxecto no prazo establecido, todo iso por motivos alleos ou sobrevividos ao beneficiario debidamente xustificadas, e a pesar de adoptarse as medidas técnicas e de planificación que resultasen esixibles. Non poderán admitirse substitucións ou modificacións substanciais do proxecto obxecto de axuda (ampliación do alcance, tipoloxía de actuación, localización) nin modificacións que non obedezan a unha causa técnica ou de contratación ou execución debidamente xustificadas.*
- *De conformidade co previsto no artigo 17.2 do Real Decreto 692/2021 A modificación da resolución haberá de ser solicitada, no seu caso, polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a execución do proxecto obxecto de axuda e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao órgano concedente, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada.*
- *De conformidade co artigo 18 do Real Decreto 692/2021 o prazo de realización dos investimentos subvencionables e execución dos proxectos obxecto de axuda. O prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución dos proxectos obxecto das axudas reguladas por este real decreto será de vinte e catro meses desde a data de notificación da resolución de concesión.*
- *De conformidade co artigo 19.1 todas as xustificacións de gasto por parte dos beneficiarios acreditativas da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda deberán realizarse ante o órgano instructor nun prazo máximo de dous meses contados a partir da data en que expire o prazo máximo para a súa execución establecido respecto diso polo anterior artigo, e, en todo caso, con data límite o 30 de novembro de 2025, data esta a partir da cal non poderá aceptarse ningunha nova documentación.*

*Réxime competencial*

*En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

**III.- CONCLUSIONES:**



O proxecto PR-D5000-2021-001085 “Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Programa DUS 5000), foi presentado ante o IDAE pola Deputación co obxecto da instalación de solares fotovoltaicas, é dicir, un sistema de xeración eléctrica que transforma a radiación solar en enerxía eléctrica renovable mediante o efecto fotovoltaico, en edificios e infraestruturas públicas.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2022, adoptou entre outros, o acordo número 3.32433 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-D5000-2021-001085 “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” e concesión de axuda comprometida pola Deputación aso seu abeiro aos concellos beneficiarios. (Expediente 2021052801).

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de día 2 de agosto de 2024 acordou resolver o lote 2 (Proxecto 2. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis) ante a imposibilidade de executar as obras do mencionado lote. A causa de resolución establece no artigo 211.1, letra g) da LCSP debido a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, sen que sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205. Dita causa motívase na autorización sectorial emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que impide a colocación de paneis fotovoltaicos na cuberta do edificio catalogado da Casa do Concello, Antigo Cárcere, o que supón a imposibilidade de executar máis do 50 por cento das obras.

Como consecuencia da dilación da resolución da autorización sectorial pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e ante a demora acumulada debido a esta circunstancia imprevista, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo en 6 meses, regulado no Real Decreto 692/2021, sendo deste xeito o 9/06/2025 a data máxima para executar os traballos relativos á execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-001085 “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”.

Seguindo os condicionantes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural indicados na Resolución sobre unha intervención no camiño de Santiago para a autorización das obras descritas no proxecto “Proxecto 2.-Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis”, reformulouse o proxecto para volver licitar.

O orzamento de execución por contrata do proxecto reformulado ascende a 25.774,21 € (IVE engadido), polo que diminúe en 26.782,14 respecto do proxecto inicial 52.556,35 €, minorándose a achega do IDAE en 22.547,80 €.

A ampliación do prazo de execución en 6 meses, ata o 09/06/2025, non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida ni afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas.



*En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización dos prazos máximos. Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do antedito prazo non constitúe un prexuízo a terceiros.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e propono a modificación do prazo de execución dos traballos das actuacións obxecto de axuda do proxecto “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” e a solicitude ao IDAE da autorización da modificación do “Proxecto 2.-Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis”.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.*

*A xefa do servizo de Cooperación*

*Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefatura do Servizo de Cooperación de data 22/10/2024, e da Intervención Provincial de data 23/10/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a ampliación do prazo de execución dos traballos precisos para a execución das actuacións obxecto de axuda en 6 meses, sendo deste modo o 09/06/2025 a data máxima para realizar o citado trámite de execución dos traballos correspondentes ao proxecto PR-D5000-2021-001085 “*Instalacións Fotovoltaicas Sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas De Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia*” e a autorización da modificación do “*Proxecto 2.-Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis*”, dentro do proxecto IDAE PR-D5000-2021-001085.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.



14.34337.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE USUARIOS DA REDE DE ABASTECIMENTO DA PARROQUIA DE COUSO CONTRA O ACORDO DENEGANDO UNHA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA +AQUA 2024. (EXPTE.2024014400)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA\_2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.*

*Segundo.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2024, adoptou o acordo número 7.34181 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de “axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024” (Programa +AQUA\_2024)”, concedéndose as subvencións a todas as entidades que cumpren os requisitos, segundo a prelación establecida en función da valoración outorgada, ata esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (1.600.000,00€), pasando a constituír unha lista de agarda as restantes solicitudes que cumpren os requisitos esixidos e declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.*

*Terceiro.- En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Comunidade de usuarios da rede de abastecemento da parroquia de Couso (CIF: G94070596), con número de expediente 2024014400, pase a formar parte da lista de agarda, cunha puntuación de 34 puntos, de acordo co seguinte detalle:*

- Orzamento (10)	10 puntos
- Situación partida (3)	3 puntos
- Reportaxe foto (3)	3 puntos
- Descrición detallada (3)	0 puntos
- E. circular, eficiencia enerxética	0 puntos
- Medios dixitais (4)	0 puntos
- Aforro de consumos (2)	0 puntos
- Índice envellecemento (3)	2 puntos
- % cofinanciamento (ata 3)	3 puntos
- Tipoloxía ( ata 30)	6 puntos
- Comuneiros (ata 10)	4 puntos
- Cotas (ata 5)	3 puntos

*Na data 10/09/2024 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola entidade local o día 10/09/2024 (CSV: DEHU-9fd8-2f1a-8c07-bbcb-7a07-ae20-3c0f-02df).*





*Cuarto.- Na data 02/10/2024, mediante escrito presentado no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024061774) a Comunidade de usuarios da rede de abastecemento da parroquia de Couso interpón un recurso de reposición contra o citado acordo ao non estar conforme coa valoración en base aos seguintes motivos:*

- *No apartado Descripción detallada: alega que debe ter maior puntuación*
- *No apartado Tipoloxía: alega que debe ter maior puntuación*
- *No apartado E. circular, eficiencia enerxética: alega que debe ter maior puntuación*
- *No apartado Aforro de consumos: alega que debe ter maior puntuación*

*O petionario solicita que se revise o acordo impugnado e se proceda a ditar un novo acordo concedendo unha maior puntuación á súa solicitude de subvención.*

*Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.*

## RAZOAMENTOS XURÍDICOS

*PRIMEIRO.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que “o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto”.*

*No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que poñe fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 10/09/2024 e o recurso se presentou en data 02/10/2024.*

*SEGUNDO.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.*

*A Comunidade de usuarios da rede de abastecemento da parroquia de Couso invoca a vulneración da Base Sexta do Programa +AQUA, no relativo á valoración, polo que de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.*

*TERCEIRO.- En canto á motivación exposta, de conformidade coa Base Sexta do Programa +AQUA os criterios de valoración que afectan aos apartados impugnados establecen o seguinte:*

- *Descripción detallada: no cuarto punto do punto 1 do apartado a), da Base 6ª dispónse que “Por conter a descripción detallada de todos os aspectos a valorar no apartado a) de forma ordenada e clara: 3 puntos”*



- Pola tipoloxía da actuación (Base 6ª, apartado b), de xeito acumulativo ata un máximo de 30 puntos:
  - o 1. Actuacións sobre a infraestrutura básica da traída (captación, canalizacións, depósitos e similares): 6 puntos
  - o 2. Actuacións destinadas a mellorar a xestión, a medición ou o control da calidade da auga: 6 puntos
  - o 3. Actuacións de implantación e mellora de tecnoloxías e instalacións eléctricas que permitan optimizar a eficiencia e o aforro enerxéticos na traída de augas: 6 puntos
  - o 4. Actuacións de dixitalización que redunden nunha mellora do control da subministración da auga e/ou a súa calidade: 6 puntos
  - o 5. Actuacións nos elementos complementarios asociados á infraestrutura da traída ou que impliquen outro tipo de melloras: 6 puntos

*Non se puntuarán as actuacións que teñan un encaixe residual, non significativo, en calquera das tipoloxías enumeradas, o que deberá xustificarse polos servizos técnicos provinciais e a Comisión de Avaliación. A estes efectos establécense como non significativas aquelas actuacións que non alcancen o 10% do valor total do orzamento presentado.*
- No apartado a), punto 1, subapartado 2, da Base 6ª, en relación á Mellora da eficiencia: ata 10 puntos
  - o Por xustificar o impacto positivo en materia de economía circular e eficiencia enerxética: 4 puntos
- No apartado a), punto 1, subapartado 3, da Base 6ª, "Por xustificar outro tipo de aforros a curto, medio e longo prazo de consumos, tempos de xestión, económicos e outros indicadores de mellora: 2 puntos

En base aos anteditos criterios, as puntuacións obtidas nestes apartados son as seguintes:

CRITERIO	PUNTOS	OBSERVACIÓNS
Descrición detallada:	0 puntos	Non se contén a descrición detallada de todos os aspectos a valorar no apartado a) de forma ordenada e clara. Por tanto, tendo en conta que neste apartado non existe a posibilidade de ter puntuacións parciais, a puntuación que corresponde outorgar é de cero puntos
Tipoloxía	6 puntos	As actuacións descritas correspóndense con actuacións sobre a infraestrutura básica da traída, por tanto outórganse 6 puntos. Non se xustifica nin queda acreditado no expediente de solicitude que se realicen actuacións significativas relativas a outro tipo de actuacións puntuables, polo que non procede outorgar maior valoración.
E. circular, eficiencia enerxética	0 puntos	Non se xustifica na memoria achegada co expediente de solicitude o impacto positivo en materia de economía circular e eficiencia enerxética, polo que procede outorgar cero puntos neste apartado.
Aforro de consumos	0 puntos	Non se xustifica na memoria achegada co expediente de solicitude aforro algún, polo que procede outorgar cero puntos neste apartado.



*En base ao anterior, ratifícase a valoración efectuada, dun total de 34 puntos.*

*CUARTO.- De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é a Xunta de Goberno da Deputación, o mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.*

*QUINTO.- De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obrigaón legal de resolver.*

## CONCLUSIÓN

*Á vista dos antecedentes e dos razoamentos xurídicos expostos infórmase en sentido desfavorable a estimación do recurso de reposición interposto.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

*A xefa do Servizo de Cooperación*

*Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do día 22/10/2024, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 26/10/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto en data 02/10/2024 (núm. rexistro WEB2024061774) pola Comunidade de usuarios da rede de abastecemento da parroquia de Couso (CIF: G94070596).
2. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



15.34338.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA COMUNIDADE USUARIOS DE AUGAS DE SANTA CRUZ DE LAMAS CONTRA O ACORDO DENEGANDO UNHA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA +AQUA 2024. (Expte.2024012887)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA\_2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.*

*Segundo.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2024, adoptou o acordo número 7.34181 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de “axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024” (Programa +AQUA\_2024)”, concedéndose as subvencións a todas as entidades que cumpren os requisitos, segundo a prelación establecida en función da valoración outorgada, ata esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (1.600.000,00€), pasando a constituír unha lista de agarda as restantes solicitudes que cumpren os requisitos esixidos e declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.*

*Terceiro.- En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Comunidade de usuarios de Santa Cruz de Lamas (CIF g36319168), con número de expediente 2024012887, se declara expresamente excluída polo motivo: “NON REÚNE A DOCUMENTACIÓN ESIXIDA NA CONVOCATORIA (BASE 10ª)”.*

*Na data 10/09/2024 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola entidade local o día 12/09/2024 (CSV: DEHU-bf11-8be3-04ff-029f-216b-67d0-ac0b-3a50).*

*Cuarto.- Na data 25/09/2024, mediante escrito presentado no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024060303) a Comunidade de usuarios de augas de Santa Cruz de Lamas interpón un recurso de reposición contra o citado acordo ao non estar conforme coa dita exclusión en base aos seguintes motivos que se transcriben con carácter extractado (documento con CSV: ZYR3OOED9FZS1D0J):*

- Falta de motivación do acordo
- Incumprimento da obrigaón de facer requirimento
- Validez do título de concesión administrativa de augas

*O petionario solicita que se revise o acordo impugnado e se proceda a ditar un novo acordo estimatorio da súa solicitude de subvención.*



*Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.*

## RAZOAMENTOS XURÍDICOS

*PRIMEIRO.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que “o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto”.*

*No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que poñe fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 12/09/2024 e o recurso se presentou en data 25/09/2024.*

*SEGUNDO.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.*

*A Comunidade de usuarios de augas de Santa Cruz de Lamas invoca a vulneración da Base Primeira e Décima do Programa +AQUA, no relativo ao cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade, polo que de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.*

*TERCEIRO.- A Base Décima do Programa +AQUA esixe que a entidade solicitante acredite que ten a titularidade dunha concesión de aproveitamento de augas para consumo humano.*

*E na Base Primeira do Programa +AQUA dispónse que en ningún caso serán subvencionables os gastos sobre actuacións en novas infraestruturas e equipamentos ou sobre os xa existentes cando non estean amparados pola correspondente concesión.*

*Neste caso, a Comunidade de usuarios de augas de Santa Cruz de Lamas, non dispón dun título de concesión administrativa de augas en vigor, xa que consta no expediente un informe de Augas de Galicia que sinala expresamente que a resolución de concesión é do 28/11/2002 por un prazo de 20 anos, notificada o 10/12/2002, polo que a vixencia da concesión expirou o pasado 10/12/2022, sen que conste que solicitasen a novación da concesión. Ademais, o expediente de solicitude de concesión, non sería unha novación, senón unha nova concesión, posto que xa transcorreu o prazo de vixencia da concesión orixinal. En calquera caso non consta que a día de hoxe se teña aprobada unha nova concesión.*



*En consecuencia, non se pode considerar que a concesión ampare as actuacións subvencionables por ter expirado o seu prazo, incumpríndose o disposto nas bases Primeira e Décima do Programa +AQUA, sen que este incumprimento teña carácter emendable, por ter transcorrido o prazo sinalado nas bases e non prevéndose a súa emenda fóra dese prazo.*

*CUARTO.- De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é a Xunta de Goberno da Deputación, o mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.*

*QUINTO.- De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obrigaón legal de resolver.*

## CONCLUSIÓN

*Á vista dos antecedentes e dos razoamentos xurídicos expostos infórmase en sentido desfavorable a estimación do recurso de reposición interposto.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

*A xefa do Servizo de Cooperación*

*Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do día 22/10/2024, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 25/10/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto en data 25/09/2024 (núm. rexistro WEB2024060303) pola Comunidade de usuarios de Santa Cruz de Lamas (CIF G36319168).
2. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



16.34339.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE USUARIOS DE PARADA E ROCHA CONTRA O ACORDO DENEGANDO UNHA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA +AQUA 2024. (Expte.2024013232)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

*Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA\_2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.*

*Segundo.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2024, adoptou o acordo número 7.34181 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de “axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024” (Programa +AQUA\_2024)”, concedéndose as subvencións a todas as entidades que cumpren os requisitos, segundo a prelación establecida en función da valoración outorgada, ata esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (1.600.000,00€), pasando a constituír unha lista de agarda as restantes solicitudes que cumpren os requisitos esixidos e declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.*

*Terceiro.- En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Comunidade de usuarios de Parada e Rocha (CIF V36274009), con número de expediente 2024013232, se declara expresamente excluída polo motivo “non reúne a documentación esixida na convocatoria e tampouco se aporta posteriormente no prazo da emenda operando isto como unha causa de exclusión (base 10ª).*

*Na data 10/09/2024 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola entidade local o día 11/09/2024 (CSV: DEHU-a89f-2c1f-278c-b569-21af-d0de-63e1-6e1f).*

*Cuarto.- Na data 30/09/2024, mediante escrito presentado no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024060930) a Comunidade de usuarios de Parada e Rocha interpón un recurso de reposición contra o citado acordo ao non estar conforme coa súa exclusión en base aos seguintes motivos que se transcriben de xeito extractado (documento con CSV: X8HGS368CELWFCYE):*

- *Que se cumpren todas as condicións para conceder a subvención*
- *Que se completaron en prazo os requirimentos de emenda efectuados*
- *Que o orzamento presentado é correcto*

*O petionario solicita que se revise o acordo impugnado e se proceda a ditar un novo acordo estimatorio da súa solicitude de subvención.*



*Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.*

## RAZOAMENTOS XURÍDICOS

*PRIMEIRO.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que “o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto”.*

*No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que poñe fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 11/09/2024 e o recurso se presentou en data 30/09/2024.*

*SEGUNDO.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.*

*A Comunidade de usuarios de Parada e Rocha invoca a vulneración da Base Primeira e Décima do Programa +AQUA, no relativo ao cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade, polo que de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.*

*TERCEIRO.- A Base Primeira, apartado 3, do Programa +AQUA sinala que o importe subvencionable non poderá ser superior ao valor de mercado. Para estes efectos, os importes máximos subvencionables das operacións establecidas calcularanse tomando como referencia as tarifas vixentes ao momento da solicitude para o Seaga.*

*A estes respecto, as unidades de obra manterán todos os elementos unitarios que as conforman nas tarifas Seaga (man de obra, materiais, maquinaria, medios auxiliares, etc.), tendo en conta que:*

- Non se poden modificar as cantidades necesarias nin os rendementos dos elementos que compoñen a unidade de obra*
- Soamente se poderán modificar os prezos dos elementos unitarios referidos anteriormente, sempre e cando o prezo da unidade de obra non supere ao das citadas*

*Tarifas*





*De non ser así, todas as unidades de obra que non respecten o establecido nos parágrafos anteriores serán consideradas como non subvencionables.*

*Ademais, na Base Décima dispónse a obriga de presentar un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos, coas súas características técnicas precisas, con expresión dos prezos de cada elemento, o número de unidades, e co IVE desagregado que sexa de aplicación, facendo mención, cando elo sexa posible ás tarifas de referencia.*

*Pois ben, analizado o expediente de solicitude desta Comunidade, resulta que o orzamento detallado que se achega incumpre o establecido e non se corrixiu durante o período de emenda, polas seguintes razóns:*

- *Existen unidades con prezos erróneos ou codificacións erróneas (CMTE.09 Excavación ou OCBC.01, porte de maquinaria)*
- *Existen elementos presupostados que non constan na memoria nin no proxecto (CNAEMM.01 Embocadura)*
- *Non se xustifican as medidas nin se definen en plano algún (PBRT10F. Bloque pedra)*

*Por tanto, de acordo coa Base Décima, non se dá cumprimento á obriga de presentar un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos, coas súas características técnicas precisas. E ademais, de conformidade co disposto na Base Primeira, todas as unidades de obra que non respecten o establecido serán consideradas como non subvencionables e por tanto deben eliminarse do orzamento subvencionable, resultando así que as partidas correctas non alcanzarían o importe mínimo para considerar o investimento subvencionable, ó pasar a estar por debaixo do importe mínimo.*

*Por tanto, a exclusión estímase que é adecuada.*

*CUARTO.- De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é a Xunta de Goberno da Deputación, o mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.*

*QUINTO.- De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obrigación legal de resolver.*

## CONCLUSIÓN

*Á vista dos antecedentes e dos razoamentos xurídicos expostos infórmase en sentido desfavorable a estimación do recurso de reposición interposto.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

*A xefa do Servizo de Cooperación*

*Marina Piñeiro Novo”*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do día 22/10/2024, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 26/10/2024, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto en data 30/09/2024 (núm. rexistro WEB2024060930) pola Comunidade de usuarios de Parada e Rocha (CIF: V36274009).
2. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.34340.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE USUARIOS TRAÍDA DE AUGAS CABADAS ABERTAS CONTRA O ACORDO DENEGANDO UNHA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA +AQUA\_2024. (Expte.2024012542)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA\_2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.*

*Segundo.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2024, adoptou o acordo número 7.34181 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de “axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024” (Programa +AQUA\_2024)”, concedéndose as subvencións a todas as entidades que cumpren os requisitos, segundo a prelación establecida en función da valoración outorgada, ata esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (1.600.000,00€), pasando a constituír unha lista de agarda as restantes solicitudes que cumpren os requisitos esixidos e declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.*

*Terceiro.- En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Comunidade de usuarios da traída de augas Cabadas Abertas (CIF G36402923), con número de expediente 2024012542, se declara expresamente excluída polo motivo “NON REÚNE A DOCUMENTACIÓN ESIXIDA NA CONVOCATORIA (BASE 10ª)”.*

*Na data 10/09/2024 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola entidade local o día 11/09/2024 (CSV: DEHU-b3ef-4a6a-610a-0a8a-99d2-3e77-3740-1afd).*



*Cuarto.- Na data 23/09/2024, mediante escrito presentado no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024059801), que se completa o 25/09/2024 (núm. rexistro WEB2024060305) a Comunidade de usuarios da traída de augas de Cabadas Abertas interpón un recurso de reposición contra o citado acordo ao non estar conforme coa dita exclusión en base aos seguintes motivos que se transcriben con carácter extractado (documentos con CSV: 0P9R7D.ARHRVUUQVL e 0VFUC0DZ5S9Q3B0K):*

- *Falta de motivación do acordo*
- *Validez do título de concesión administrativa de augas*
- *Cumprimento do prazo do requirimento de emenda*
- *Informe de Augas de Galicia sobre a tramitación da concesión de augas*

*O petionario solicita que se revise o acordo impugnado e se proceda a ditar un novo acordo estimatorio da súa solicitude de subvención.*

*Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.*

## RAZOAMENTOS XURÍDICOS

*PRIMEIRO.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que “o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto”.*

*No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que poñe fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 11/09/2024 e o recurso se presentou en data 23/09/2024 (se ben se completa o 25/09/2024).*

*SEGUNDO.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.*

*A Comunidade de usuarios da traída de augas de Cabadas Abertas invoca a vulneración da Base Primeira e Décima do Programa +AQUA, no relativo ao cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade, polo que de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.*



TERCEIRO.- *A Base Décima do Programa +AQUA esixe que a entidade solicitante acredite que ten a titularidade dunha concesión de aproveitamento de augas para consumo humano.*

*E na Base Primeira do Programa +AQUA dispónse que en ningún caso serán subvencionables os gastos sobre actuacións en novas infraestruturas e equipamentos ou sobre os xa existentes cando non estean amparados pola correspondente concesión.*

*Neste caso, a Comunidade de usuarios da traída de augas de Cabadas Abertas, non dispón dun título de concesión administrativa de augas en vigor, xa que consta no expediente un informe de Augas de Galicia (CSV: MI50UNHXGF8RR7D0) que sinala expresamente que a resolución de concesión é do 28/01/2004 por un prazo de 20 anos, notificada o 04/02/2004, polo que a vixencia da concesión expirou o pasado 04/02/2024. Ademais, o expediente de solicitude de nova concesión (cabe incidir en que é unha nova concesión e non unha novación, posto que xa transcorreu o prazo de vixencia da concesión orixinal) solicítase o 04/03/2024 (fóra do prazo de presentación de solicitudes que finalizou o 29/02/2024) e non consta que a día de hoxe estea resolto.*

*En consecuencia, non se pode considerar que a concesión ampare as actuacións subvencionables por ter expirado o seu prazo, incumpríndose o disposto nas bases Primeira e Décima do Programa +AQUA, sen que este incumprimento teña carácter emendable, por ter transcorrido o prazo sinalado nas bases e non prevéndose a súa emenda fóra dese prazo, máxime tendo en conta que xa se resolveu o procedemento e segue sen terse constancia da resolución do expediente da nova concesión, máxime tendo en conta que xa se resolveu o procedemento e segue sen terse constancia da resolución do expediente da nova concesión..*

CUARTO.- *De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é a Xunta de Goberno da Deputación, o mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.*

QUINTO.- *De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obrigaón legal de resolver.*

## CONCLUSIÓN

*Á vista dos antecedentes e dos razoamentos xurídicos expostos infórmase en sentido desfavorable a estimación do recurso de reposición interposto.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

*A xefa do Servizo de Cooperación*

*Marina Piñeiro Novo”*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do día 25/10/2024, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 26/10/2024, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto en data 23/09/2024 (núm. rexistro WEB2024059801) pola Comunidade de usuarios da traída de augas de Cabadas Abertas (CIF G36402923).
2. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.34341.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES. 2024069830 E 2024069833)

a) Vista a relación de facturas con número 2024069830, que contén unha factura e por un importe de 171,51€ , e con CSV: QX9919BMGZ4Z5WNF), e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 24/10/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	171,51 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	171,51 €

b) Vista a relación de facturas con número 2024069833, que contén 12 facturas e por un importe de 4.506,87€ e con CSV: ZW0BM822B5TI9R9U, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 24/10/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	4.506,87 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	4.506,87 €



19.34342.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DAS COMARCAS DO CONDADO E PARADANTA DENTRO DO PROGRAMA “+XUNTAS” ANO 2024. (Expte.2023075714)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoiem o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 30 de xaneiro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2024 e, posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 22 de 31 de xaneiro de 2024.

Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2024 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2024. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 31 solicitudes e a exclusión de 32 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta (Expediente 2024007866) presenta renuncia ao curso “ Os cinco sentidos postos en min. Obradoiro de autocoidado”.

Dada a data na que esta asociación presenta a renuncia, non é viable conceder unha acción formativa a outra entidade da lista de agarda por falta de tempo para que poida desenvolver un obradoiro.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2024, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.



Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada da renuncia presentada pola Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta (CIF: G36453728) e nº de expediente 2024007866.

20.34343.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E CONSTITUCIÓN DA LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA “+ BENESTAR” (Expte.2023045216)

#### ANTECEDENTES DE FEITO E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro. A Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 12 de abril de 2024, aprobou as bases reguladoras do programa “+ Benestar” 2024, modificadas posteriormente na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2024 (BOPPO número 158, de 14 de agosto de 2024).

Segunda. Este programa, cun grande arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra destina ás persoas maiores (Saúde e Benestar e Depotermal), ten como finalidade facilitarles ás veciñas e veciños da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (balnearios, talasos ou *spas*) e, ao mesmo tempo, ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

Terceiro. O plan + Benestar pon en marcha un programa con 2.127 prazas nos seguintes termos:  
- 2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 euros)  
- 30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00 euros)

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e carezan de recursos económicos suficientes para facerlle fronte ao seu custo. Se non se cobren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

Cuarto. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 5 de setembro de 2024 e tramitados todos os expedientes os datos, aprobouse por Resolución Presidencial núm. RP2024007692 de 2 de outubro de 2024 a relación provisional de persoas admitidas e a relación provisional de persoas excluídas xunto coas causas de exclusión. O 3 de outubro de 2024, publicouse no BOPPO núm. 193 o anuncio relativo a publicación dos listados concedendo as persoas solicitantes un prazo de 5 días hábiles para poder emendar os defectos da súa solicitude. O prazo de emenda foi do 4 ao 10 de outubro de 2024.



Quinto. Rematado o prazo de presentación de emendas, seguindo os criterios de prelación para a adxudicación de prazas segundo as bases, o resultado é o seguinte:

- Total de solicitudes presentadas: 3.267
- Solicitudes admitidas en prazo, tempo e forma: 3.168, das cales:

DESGLOSE DE PRAZAS E SUBVENCION	IMPORTE SUBENCION/PRAZA	PRAZAS ADXUDICADAS	FINANCIAMENTO TOTAL
PRAZAS DE RÉXIME ESPECIAL CON VALORACION SOCIAL	400 €	14	5.600,00 € * Crédito sobrante de 6.400,00€ o que permite adxudicar 64 prazas de réxime xeral a maiores.
PRAZAS DE RÉXIME XERAL	100 €	2.161(2.097 + 64)	216.100,00 €
TOTAL		2.175	221,700,00 €

- Solicitudes en lista de agarda: 993
- Solicitudes rexeitadas: 99
  - o Fora de prazo: 3
  - o Desestimación: 1
  - o Non cumpren requisito para ser persoa beneficiaria: 4
  - o Non presentan a documentación esixida: 34
  - o Presentación de máis dunha solicitude de participación: 57

Sexto. O 17 de outubro de 2024, Intervención emite Dilixencia de fiscalización e conforme do informe-proposta deste Servizo (CSV: SEMBYXU7KT379F9Q)

Sétimo. Mediante R.P núm. 2024008168 de data 18 de outubro de 2024, aprobase a relación definitiva de persoas admitidas, excluídas, a adxudicación de prazas e a lista de agarda.

#### LEXISLACION APLICABLE

- LRBRL e LALG
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- LPACAP
- Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Bases de execución do Orzamento provincial
- Orzamento provincial





## PROPOSTA DE ACORDO:

De acordo co exposto, e tendo en conta a normativa citada, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Dar conta da aprobación da relación definitiva de persoas admitidas no programa “+Benestar” 2024 e a relación definitiva de persoas non admitidas, xunto coas causas de exclusión.
- Segundo.- Dar conta da aprobación da adxudicación de 2.175 prazas do programa +Benestar.
- Terceiro.- Dar conta da aprobación a relación das 993 persoas da lista de agarda do programa +Benestar.

Figuran asinados no expediente da convocatoria:

- Anexo I. Relación definitiva de (3.168) persoas admitidas co CSV : PBDX8H3PIWNLZGUC
- Anexo II. Relación definitiva de (99) persoas excluídas xunto coas causas de exclusión co CSV: PGRHZSVJSPI32N61
- Anexo III. Relación de 2.175 persoas con praza adxudicada co CSV: PMTH2EI77EQXZHE0
- Anexo IV. Relación das 993 persoas en lista de agarda con CSV: OSBAHT8T6VWOUZAS

### 21.34344.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

### 22.34345.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

### 23.34346.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

